

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 5 DE XUÑO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a cinco de xuño de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 29 de maio de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Gandería Casa Tenro S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 17 de febreiro de 2023 (RE-E núm. 106), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANDERÍA CASA TENRO S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE BARBEITOS, PARROQUIA DE NEGRELOS
REPRESENTANTE	RAFAEL SEÑARÍS GONZÁLEZ
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	LEGALIZACIÓN DE NAVE DE SERVIZOS EN EXPLOTACIÓN DE GANDO PORCINO PARA CEBO
REFERENCIA CATASTRAL PARCELA	36047A052008840000PM
LUGAR	BARBEITOS
PARROQUIA	NEGRELOS
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DE DATA 15/02/23)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada pola enxeñeiro técnico agrícola Don Rafael Señarís González en data 17/02/23 (visado colexial núm. ██████████).
- Acta de comprobación favorable de data 09/05/24.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

3.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA AMPARADA EN COMUNICACIÓN PREVIA

ANTECEDENTES

1º.- Dona DOLORES VENCE HERMIDA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos, solicita con data 29 de abril de 2024 (RE-E núm. 237) unha prórroga do prazo de execución de obras de CONSERVACIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 3 de novembro de 2023, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 30 de outubro de 2023, cun prazo de execución de seis (6) meses.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 29/05/24, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: “As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha prórroga de tres (3) meses para a execución das obras, que rematará o día 29 de xullo de 2024.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓNS E MELLORAS NO CAMIÑO DE TRASULFE A LOUREIRO”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2022

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 e final correspondente á obra de “Pavimentacións e melloras no camiño de Trasulfe a Loureiro”, incluída na Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022, por importe de QUINCE MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E DOUS

EUROS TRINTA E OITO CÉNTIMOS (15.452,38 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adjudicataria da obra CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L., por un importe de 15.452,38 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 240064 (FACe), de data 27/05/24, estendida pola adjudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 29 de maio de 2024, na que se fai constar que “as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes e modificacións recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra emitido pola dirección facultativa en data 24/05/24.

5.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as concelleiros/as asistentes que, en data 7 de maio do corrente, a Xunta de Goberno Local aprobou o modificado núm. 1 do proxecto técnico da obra de “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO

SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data maio de 2024, cun importe de execución por contrata de TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO CENTO CATRO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (354.104,82 €), IVE incluído.

Dita inversión está financiada integramente por parte da Deputación Provincial no marco do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos), anualidade de 2023 (expediente núm. [REDACTED]).

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento necesario para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación del presente contrato vén fundamentada nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de *“infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*, establecida na letra d) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), constituíndo o *“acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas”* servizos obrigatorios (artigo 26.1 a) do citado texto legal). Asemade, motívase o acordo na necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida ao abeiro do Plan Concellos 2023.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de **“MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”**, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 e concordantes da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

6.- DESIGNACIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 (LIÑA 3)

De conformidade co establecido nas Base quinta do proceso selectivo, aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 21 de febreiro do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros dos Tribunais Cualificadores dos procesos selectivos para a contratación laboral temporal de postos de traballo financiados pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2024 (Liña 3), ás seguintes persoas:

Tribunal I (posto de traballo de traballador/a social)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: María Lara Hermida Fernández, traballadora social.
Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

Tribunal II (posto de traballo de monitor/a-socorrista)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Yolanda Aguiar Jorge, técnica de Medio Ambiente.
Alfonso Doval Cidre, técnico informático.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

7.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE PEÓN FORESTAL FINANCIADO AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2024

De conformidade co establecido nas Base quinta do proceso selectivo, aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 30 de abril do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun posto de traballo de peón forestal, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: José Antonio Arias Deza, operario de servizos diversos.
José Albor González, peón de servizos diversos.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

8.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA PARA IMPLANTACIÓN DE INFRAESTRUTURA DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Resolución do 26 de xullo de 2021, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega), pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (DOG núm. 149, do 05/08/21), modificada por Resolucións de datas 23/12/21 (DOG do 13/01/22) e 15/12/23 (DOG do 26/12/23), e a conveniencia de solicitar unha axuda para a instalación dun punto de recarga de vehículos eléctricos no garaxe municipal, sito na rúa B de Rodeiro, para dar servizo aos vehículos de dita tipoloxía de

titularidade municipal, entre eles o punto limpo móbil que o Concello vai adquirir proximamente.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Inega unha subvención por importe de CATRO MIL CINCOCENTOS VINTE EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (4.520,42 €) para o desenvolvemento do proxecto denominado “*Instalación de cargador para vehículos eléctricos en local de estacionamento de vehículos municipais*”.

Segundo.- Aprobar a memoria técnica do proxecto, redactada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, cun orzamento total de CINCO MIL SEISCENTOS CINCUENTA EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (5.650,52 €).

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

9.- APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DE PRAZAS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) PARA O CURSO 2024-2025

Por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acórdase que entre os días 6 e 26 de xuño do corrente, ambos inclusive, figure aberto o

prazo de presentación de solicitudes de prazas no Punto de Atención á Infancia (PAI) para o vindeiro curso 2024-2025, de conformidade co previsto no artigo 9 e concordantes do Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Rodeiro.

10.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Carmen Diéguez Calvo, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais durante o presente mes de xuño do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ VANESSA FRANCIELLY ACIOLY DE SANTANA, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 6 e 14 de xuño do corrente, ambos inclusive, en substitución da traballadora María Carmen Diéguez Calvo.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

11.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 10/05/24, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital Dona Patricia Hermida Deza, con data 04/06/24, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2024*”, entre os días 25 de xuño e 10 de setembro do corrente, ambos inclusive, á sociedade GRUPO ACODE EDUCA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de CATORCE MIL NOVECIENTOS EUROS (14.900,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 1.000,00 €
Por achega ao convenio de administración electrónica 2024, s/cargo.
- AGROCAMBA V. FARO S.L. 53,30 €
Por subministro de diverso material de limpeza para edificios municipais, s/factura núm. 24FV 391.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 148,83 € E 525,70 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7AQ0001543 e TA7AQ0001544 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-F4DD-053524 e 28-F4DD-093045 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 50,12 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361324FC0003621.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 459,50 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 673.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 519,40 € E 129,86 €
Honorarios por dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde de obra incluída do Plan Concellos 2022, s/facturas núm. 009/2024 e 010/2024.
- AGROCAMBA V. FARO S.L 140,00 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 24FV 595.

- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 108,60 €
Por subministro de calzado de traballo para auxiliar do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. A2401.
- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 135,40 €
Por subministro de colchóns para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. A2402.
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.250,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2024*” no mes de maio de 2024, s/factura núm. 0024/0000016 (FACe).
- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 125,84 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. A/83.
- PENELA S.C. 518,41 €
Por subministro de material deportivo para o pavillón polideportivo municipal, s/factura núm. 7.
- MÁIS ESCOLA S.L. 1.634,71 €
Por prestación do servizo de monitor do ximnasio municipal no mes de maio de 2024, s/factura núm. 748 (FACe).
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 363,00 €
Por traballos de pala na parroquia de San Paio de Senra, s/factura núm. 24017.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)